

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo (A Coruña)

CERTIFICO:

Que o Pleno Municipal en sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"7.- Cargos da Corporación en réxime de dedicacións exclusivas e parciais e retribucións.

Primeiro.- *Asignar dedicación exclusiva ós seguintes membros da Corporación:*

- ❑ **Alcalde, D. Evencio Ferrero Rodríguez,** *percibirá a retribución bruta anual de 39.916,52 euros (trinta e nove mil novecentos dezaseis euros con cincuenta e dous céntimos) divididas en catorce pagas. Esta cantidade incrementarase na contía que polo concepto de antigüidade se devengue a partir da data de aceptación da dedicación exclusiva.*
- ❑ **Concelleira Delegada de Planificación e Mobilidade Urbana, Contratación e Seguridade Cidadá, D^a. Milagros Lantes Seara** *coa seguinte retribución bruta anual de: 39.916,52 euros (trinta e nove mil novecentos dezaseis euros con cincuenta e dous céntimos) divididas en catorce pagas. Esta cantidade incrementarase na contía que polo concepto de antigüidade se devengue a partir da data de aceptación da dedicación exclusiva.*
- ❑ **Concelleiro Delegado de Obras e Servizos, D. Luis María Lamas Álvarez,** *coa seguinte retribución bruta anual: 35.500 euros (trinta e cinco mil cincocentos euros) divididas en catorce pagas.*
- ❑ **Concelleiro Delegado de Promoción Económica, D. Xosé Regueira Varela,** *coa seguinte retribución bruta anual de: 35.500 euros (trinta e cinco mil cincocentos euros), divididas en catorce pagas.*
- ❑ **Concelleiro Delegado de Deportes e Cultura, D. Marcos José Trigo Facal,** *coa seguinte retribución bruta anual de: 35.500 euros (trinta e cinco mil cincocentos euros), divididas en catorce pagas.*

Segundo.- *Asignar dedicación parcial ós seguintes membros da Corporación:*

- **Concelleira Delegada de Igualdade e Benestar, D^a. María del Carmen Ures García,** coa seguinte retribución bruta anual de: 19.958,26 euros (dezanove mil novecentos cincuenta e oito euros con vinte e seis céntimos), divididas en catorce pagas, cunha dedicación mínima de 20 horas semanais, preferentemente de 10:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Terceiro.- *Este nomeamento só suporá dedicación exclusiva ou dedicación parcial, se se acepta expresamente por cada concelleiro asignado, circunstancia que se comunicará ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.*

Cuarto.- *As retribucións por dedicación exclusiva sinaladas seguirán, a efectos da súa revisión, o mesmo réxime que as retribucións do persoal funcionario da Corporación Local.*

Quinto.- *Os membros da Corporación Local de Carballo, só percibirán retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen con dedicación exclusiva.*

Os concelleiros con dedicación exclusiva serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, agás o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

No suposto de dedicacións exclusivas (con carácter total), a percepción de tales retribucións será incompatible con outras retribucións con cargo aos ornamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

Sexto.- *Tan só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, e na contía fixada polo Pleno.*

E para que así conste aos efectos oportunos expido o presente certificado, coa reserva establecida no artigo 206 do ROF, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en Carballo a trinta de xuño de dous mil quince.

**Vº e Praxe,
O Alcalde**

